

## **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR A FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS, CURSO ESCOLAR 2014-2015. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, E E.S.O.**

Por acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o días 26/09/2013 da Ordenanza Reguladora de Subvencións do Concello de Rianxo e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 234 do 10/12/2013 regúlanse as bases da convocatoria do procedemento en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de axudas destinadas á adquisición de libros e material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2014-2015. Educación infantil, primaria e E.S.O.

### **Artigo 1. Obxecto da convocatoria**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito de todos/as á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos a quen careza de medios económicos.

2.- O importe máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 3.000€, con cargo a aplicación orzamentaria 231/480.03

3.- Poderá incrementarse o importe máximo da convocatoria ata 1.000 € por algún dos seguintes motivos:

- a) A aprobación dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito
- b) A existencia de remanentes noutras convocatorias financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias do mesmo nivel de vinculación xurídica.

A utilización do importe adicional queda condicionada á aprobación polo alcalde do incremento do importe da convocatoria, que deberá publicarse no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

### **Artigo 2. Destinatarios das axudas**

1.- As axudas para a adquisición de material escolar van destinadas a aqueles alumnos/as que cursando estudos nos tramos de ensino obrigatorio e gratuito dispoñan na súa unidade familiar de baixas rendas familiares para afrontar o gasto de educación, polo tanto necesitan dun apoio especial para garantir a plena gratuidade do seu dereito á educación.

2.- As axudas para a adquisición de libros de texto van destinadas a aqueles alumnos/as de **educación infantil**. Non se subvencionarán os libros que non se correspondan con asignaturas obrigatorias.

3.- As axudas para material escolar van dirixidas a alumnos/as de **educación primaria e de ensino secundario**.

4.- Poderán optar a estas axudas os/as solicitantes e alumnos/as de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria, empadroados/as no Concello de Rianxo e con residencia real e efectiva.

5.- Que o/a alumno/a este matriculado/a no curso 2014/2015 nun centro de ensino do Concello de Rianxo.

### **Artigo 3.- Presentación de solicitudes**

3.1.- A convocatoria para a concesión de axudas destinadas á adquisición de libros e material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 14-15, Educación Infantil, Educación Primaria, e E.S.O. será publicada Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello e mediante a difusión de Bandos Informativos, así como tamén na sede electrónica do Concello



<https://sede.concelloderianxo.es>

3.2.- PRAZO: para a presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir da publicación da convocatoria no BOP.

3.2.- LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Rianxo en horario de 09:00 a 14:00h de luns a venres e de 09:30 a 13:30h os sábados.

3.3.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

3.3.1.- Xenérica:

\* Modelo de solicitude ( dispoñible na sede electrónica do Concello e no departamento de servizos sociais ). A solicitude deberá realizala o/a pai/nai/titor/a legal do alumno por tratarse de menores de idade.

\* Declaración do conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes. (Anexo 4)

\* Non estar incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións públicas, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que acreditará mediante declaración xurada, segundo modelo que se axunta. (Anexo 2)

\* Fotocopia do D.N.I., pasaporte, NIE ou documento análogo (dos pais e do/a beneficiario/a, se o ten)

\* Certificado da secretaría do centro escolar no que conste o alumno/a e o curso

\* Factura do gasto realizado, debidamente cumprimentada con tódolos datos do/a solicitante; especificando material escolar e libros de texto e referida a cada un dos beneficiarios/as.

\* Datos bancarios: fotocopia da cartilla na que figure como titular o solicitante ou certificado código conta cliente.

3.3.2.- Xustificación de ingresos:

Haber presentado declaración da renda:

- Copia da Declaración do IRPF 2013.

Non haber presentado declaración da renda:

- Certificación expedida pola Axencia Tributaria de non estar obrigado/a a declarar. Presentar xustificantes de ingresos do exercicio 2013 de tódolos membros da familia (nóminas, certificado INEM, certificado pensión, etc) senón aparecen datos económicos na certificación.

3.3.3.- Específica:

\* Título de Familia Numerosa, se é o caso.

\* Certificado de discapacidade superior ao 33%, se é o caso.

\* Acreditación da unidade familiar monoparental, se é o caso.

\* Xustificante de gasto de alugueiro (anexo 3) / hipoteca da vivenda habitual, se é o caso, na que conste claramente os datos do titular.

\* Certificado do INEM acreditando estar en desemprego, se é o caso.

\* Certificado do INEM acreditando ser beneficiario/a ou non dalgunha prestación económica e data de inicio, se é o caso.

\* Certificado da secretaría do centro de ensino ou copia da matrícula no caso de que haxa algún membro na unidade familiar menor de 25 anos cursando estudos postobrigatorios ou universitarios

No formulario de solicitude autorízase á comprobación polos servizos municipais dos datos de residencia e convivencia, incorporándose cun volante para tales efectos.

#### **Artigo 4º. Criterios de avaliación**

Á vista das solicitudes presentadas, estudaranse nunha comisión avaliadora, e concederanse en función dos seguintes criterios:

1.- Renda per cápita

2.- Número de membros da unidade familiar





3.- Condicións familiares do/a solicitante

4.- Vivenda

A ponderación destas situacións será a seguinte, para cada un dos criterios.

1.- RENDA PER CÁPITA

Naquelas solicitudes que sexan valoradas pola declaración 2013, a renda virá determinada pola suma dos ingresos da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar (casillas 455 máis 465 da declaración do IRPF) e dividida polo número de membros da unidade familiar.

Nos outros casos, valorarase os ingresos líquidos máis a contía da retención do IRPF.

Nas familias monoparentais sumaranse os ingresos da pensión de alimentos se corresponde.

RPC mensual da unidade familiar, referida ó Indicador Público de Efectos Múltiples (IPREM: 532,51€ mensual)

- Inferior ó 25% do IPREM: 10 puntos
- Entre o 25% e o 50% do IPREM: 8 puntos
- Entre o 50% e o 75% do IPREM: 6 puntos
- Entre o 75% e o 100% do IPREM: 4 puntos
- Exclúense do proceso de concorrencia as solicitudes superiores ao 100% do IPREM

2.- NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

Entendese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de 18 anos (ou menores de 25 anos se están cursando estudos postobrigatorios ou universitarios) ou fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ó 33%.

Por cada membro integrante da unidade familiar: 0,5 puntos

No caso de familias monoparentais, por cada membro integrante da unidade familiar: 0,8 puntos.

3.- CONDICIÓNS FAMILIARES DO/A SOLICITANTE

Por Familia Numerosa Categoría Xeral: 1 punto

Por Familia Numerosa Categoría Especial: 2 puntos

Por familia monoparental: 1 punto

Por cada membro da unidade familiar con certificado de discapacidade superior ao 33%: 1 punto -

Por cada membro da unidade familiar desempregado (cunha antigüidade igual ou superior a tres meses) con prestación económica: 0.5 puntos

Por cada membro da unidade familiar desempregado (cunha antigüidade igual ou superior a tres meses) sen prestación económica: 1 punto

4.- VIVENDA

En alugueiro: 1 punto

Propia e habitual con cargas: 0,5 puntos

As axudas adxudicaranse por estrito orde de puntuación ata esgotar a consignación dispoñíbel regulado no artigo 1º. En caso de empate, atenderase en primeiro lugar á renda per cápita familiar e en segundo lugar ó maior número de fillos escolarizados.

#### **Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios/as**

1.- Presentar debidamente cuberta a solicitude xunto con toda a documentación requirida no prazo estipulado.

2.- Terá que acreditar, previo ó cobro da axuda que se conceda no seu caso, que:

2.1.- Se acha ó corrente das súas obrigas tributarias estatais, provinciais e municipais, mediante declaración expresa e sen prexuízo da súa comprobación (Anexo 2).

2.2.- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Rianxo.



3.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á Intervención municipal.

4.- Comunicar ó Concello de Rianxo a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou Ente Público.

#### **Artigo 6. Procedemento e outorgamento de subvencións**

1.- Recollida a documentación dos solicitantes, verificarase que estea correcta e completa, de non ser así requirirase para emendala, no prazo máximo de dez días naturais. O órgano instrutor será a educadora familiar.

2.- Previo Informe da comisión avaliadora, que estará composta pola Concelleira de Servizos Sociais, Traballadora Social e a Educadora Familiar do Concello de Rianxo, e mediante resolución da Xunta de Goberno Local procederase á concesión ou denegación da axuda. Aquelas solicitudes que a pesar do requirimento demandado non completaran a documentación declararanse desistidas.

3.- A contía da axuda por alumno/a no caso de axudas para libros de texto será do 75% do importe da factura presentada, sen que en ningún caso esta contía sobrepase os **100,00€**. A contía da axuda por alumno/a no caso de material escolar será do 100% do importe da factura presentada, sen que en ningún caso sobrepase os **50,00€**.

4.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados polo/a beneficiario/a.

5.- As solicitudes presentadas serán resoltas no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte á data de remate do prazo desta convocatoria.

6.- Comunicarase a tódolos/as solicitantes a resolución da solicitude presentada, a través de correo certificado ou por calquera outro medio que o Concello estime conveniente, coa puntuación obtida na avaliación do expediente.

7.- As subvencións non serán obxecto de publicación, de acordo co artigo 18.3.d) da Lei xeral de subvencións.

8.- A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

Rianxo, 11 de setembro de 2014

Asdo: Adolfo Muñíos Sánchez

